



DEPARTAMENTO DE TRÁFICO

Actividades artísticas temporais en espazos públicos promovidas por particulares

Modelo  
**M06**

**Solicitante**

DI/CIIF	Nome e apelidos/Razón social				
Rúa	Núm.	Escaleira	Andar	Porta	
CP	Municipio	Provincia	Teléfono /		
Correo electrónico					

**Expón**

Que está interesado en realizar en espazo publica a actividade artística temporal que se indica a continuación:

Música (indicar estilo musical): \_\_\_\_\_

Mimo       Caricaturas       Teatro       Estatuas humanas

Pintura       Fotografías (en ambos casos indicara a técnica empregada): \_\_\_\_\_

Outras actividades (descrición): \_\_\_\_\_

Número de actuantes	Superficie de ocupación (m2)	Duración da actividades (en horas)
		Horario: Inicio:                      Fin:

Instrumentos e elementos complementarios

**Espazos públicos:** (ver número de postos máximos no Anexo 2 das Normas específicas de cada ano. Enumere, segundo a súa preferencia: 1º, 2º, 3º,.... así sucesivamente a súa elección.

1º \_\_\_\_\_ 5º \_\_\_\_\_

2º \_\_\_\_\_ 6º \_\_\_\_\_

3º \_\_\_\_\_ 7º \_\_\_\_\_

4º \_\_\_\_\_ 8º \_\_\_\_\_

Esporádicas (de 1 a 7 días): do                      ao                      de 201\_

Quincenais:                      do                      ao                      de 201\_

Mensuais:                      de 201\_ (máximo 3 meses)

**Solicito**

Permiso para realizar, cumprindo as normas reguladoras para a realización de actividades artísticas na vía pública promovidas por particulares, aprobadas o 25 de novembro de 2013 por decreto do concelleiro delegado de Mobilidade, Seguridade Cidadá e Tráfico, a actividade indicada nesta solicitude, autorizando a que no caso de obter autorización o Concello publique os meus datos identificativos nos taboleiros de anuncios e na Web municipal.

**Observacións**

**Declarando baixo a miña responsabilidade**

- Que coñece e cumpre os requisitos establecidos na normativa vixente, comprometéndose a manter o seu cumprimento durante o tempo de vixencia de la autorización.
- Estar en posesión da documentación que así o acredite a partires do inicio da actividade.
- Ter subscrito, dende o inicio da actividade, seguro de responsabilidade civil xeneral en vigor, cando a actividade requira a montaxe dunha estrutura ou instalación susceptible de producir algún risco, e que esta está conforme as prescricións do Servizo técnico.

Santiago de Compostela, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_

Asinado: \_\_\_\_\_

	Rexistro número:
	Expediente número:

**EXCMO. SR. ALCALDE DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

Consonte o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Santiago relacionados con este trámite, coa finalidade de utilizalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia o interesado con esta solicitude. En calquera momento poderá exercitar os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.

### DOCUMENTACIÓN NECESARIA

En todos os casos:

- Fotocopia do documento nacional de identidade en vigor.
- NO caso de persoas estranxeiras, fotocopia do pasaporte (se o período solicitado para o exercicio da actividade non excede do seu período de vixencia) ou, se é o caso, fotocopia do permiso de residencia ou da tarxeta de residente comunitario en vigor), asemade deberán acreditar el cumprimento das obrigas establecidas na lexislación vixente en materia de autorizacións de residencia e traballo
- Seguro de responsabilidade civil xeral en vigor cando a actividade leve consigo a montaxe dunha estrutura ou instalación susceptible de producir algún risco.

Asemade:

- Actividades pictóricas ou fotográficas: mostra orixinal dun traballo realizado polo solicitante, con medidas máximas de 60 x 40 cm., que será devolta ao finalizar o período de autorización.
- Actividades musicais: memoria na que se expoña toda a información e documentación que se posúa sobre a actividade musical que se pretende realizar e que acredite un mínimo de coñecementos musicais: títulos e certificacións académicas, experiencia profesional contrastada, participación en certames musicais, etc.
- Outras actividades artísticas: memoria na que se expoña toda a información sobre a actividade que se vai realizar con descrición dos elementos que se utilizarán para o seu desenvolvemento, espazo necesario e, se posúe, documentación acreditativa da cualificación para realizala. No caso de actividades artesanais tamén deberá presentar a fotocopia da Carta de Artesán
- Actividade con acompañantes: deberá presentar copia do documento de identidade en vigor de cada un deles.

**O Concello resérvase a facultade de requirir ao solicitante a achega dos orixinais da documentación presentada cando considere necesario o seu cotexo.**

### ANEXO 1

#### **NÚMERO DE POSTOS PREVISTOS EN CADA UN DOS ESPAZOS PÚBLICOS PARA DESEMPEÑAR AS DISTINTAS ACTIVIDADES ARTÍSTICAS SUSCEPTIBLES DE AUTORIZACIÓN**

Serán susceptible de autorización para o exercicio destas actividades calquera vía ou parque público, logo de valoración por parte da concellaría competente sobre a súa conveniencia e oportunidade, atendendo tanto ás circunstancias e méritos do interesado como ao posible interese público ou previsible trastorno que a súa realización puidese ocasionar aos veciños e cidadáns en xeral. Non obstante, establécense como lugares especialmente idóneos para o seu desenvolvemento os que se relacionan a seguir, sen prexuízo da posibilidade de que se autoricen outros por pedimento dos interesados. Con carácter xeral, aplicable a todas as actividades artísticas, o número máximo de autorizacións simultáneas por rúa, praza ou parque será de tres; non obstante, nalgúns supostos limitarase o número máximo de autorizacións, como se indica a continuación:

- Actuacións de mimos, estatuas viventes e similares:  
Praza do Obradoiro (entrada pola rúa de Fonseca), Praza de Cervantes, Praza da Inmaculada, parque da Alameda, Avenida de Xoán XXIII
- Actuacións de músicos (coas limitacións previstas nestas ordenanza):  
Praza do Obradoiro (entrada pola rúa de Fonseca), Praza de Cervantes, Praza da Inmaculada, parque da Alameda (fronte ao Instituto Rosalía de Castro o número máximo de actuacións simultáneas será de tres. Exceptúase esta zona nas Festas da Ascensión e o Apóstolo. Non se establece limitación para as restantes zonas do parque), Rúa do Vilar, Avenida de Xoán XXIII. Limitarase o número de gaiteros, que será como máximo de un en cada unha das zonas relacionadas.
- Actuacións de pintores ou outras actividades artísticas similares:  
Ademais das localizacións sinaladas anteriormente, poderán autorizarse tamén nos soportais de Correos. O número máximo de artistas que poderán ocupar o espazo de xeito simultáneo será de 8.

### PRAZOS DE PRESENTACIÓN

- Primeiro trimestre: dende o 29 de setembro ata o 3 de decembro
- Segundo trimestre: dende o 29 de decembro ata o 3 de marzo
- Terceiro trimestre: dende o 29 de marzo ata o 3 de xuño
- Cuarto trimestre: dende o 29 de xuño ata o 3 de setembro

**NON SE ADMITIRAN SOLICITUDES FORA DOS PRAZOS SINALADOS**